

Índice de confianza do consumidor. Maio 2007.

COMUNICADO

Seguen mellorando as perspectivas de evolución do emprego

Novo incremento do saldo das perspectivas de evolución do emprego

No mes de maio de 2007 o saldo referente ás perspectivas de evolución do emprego continuou coa tendencia crecente que está a presentar nos últimos meses, experimentando unha mellora de 3,5 puntos con respecto ao mes de abril e acadando un valor positivo de 12,5. Este comportamento reflexa a opinión dos fogares de que o número de parados descenderá nos próximos meses. No gráfico seguinte móstrase a evolución deste saldo nos últimos meses.



Baixan os saldos dos dous indicadores resumo da enquisa

O índice de confianza do consumidor (ICC) descende 1,8 puntos con respecto ao mes pasado e acada en maio de 2007 un valor de -14,2. Entre os catro compoñentes deste índice, tan só o saldo referente ás perspectivas de evolución do desemprego ten unha evolución positiva en maio.

O comportamento do índice de sentimento (ISC) en maio de 2007 vai de novo parello ao do ICC como ven sendo habitual. Neste caso o descenso con respecto ao mes anterior é de 4 puntos, acadando un valor de -24,0.



Indicadores resumo

Unidade: saldo respostas en %

	ICC	ISC
2006		
Xaneiro	-21,5	-28,7
Febreiro	-19,1	-26,1
Marzo	-18,0	-25,7
Abril	-17,4	-25,6
Maio	-18,0	-27,3
Xuño	-17,3	-26,7
Xullo	-16,7	-24,1
Agosto	-18,5	-23,4
Setembro	-20,2	-22,7
Outubro	-22,3	-27,7
Novembro	-22,7	-27,0
Decembro	-20,3	-26,0
2007		
Xaneiro	-21,7	-27,8
Febreiro	-18,4	-25,4
Marzo	-17,3	-23,6
Abril	-12,4	-20,0
Maio	-14,2	-24,0

Fonte: IGE. Índice de confianza do consumidor

Perspectivas de crecemento dos prezos.

No que respecta aos prezos, descenden tanto o saldo referente á súa evolución pasada como o saldo referente ás perspectivas de evolución dos mesmos. Sendo o descenso de 7,8 e 2,9 puntos respectivamente e reflexando o sentimento dos fogares de que os prezos aumentaron moito nos últimos doce meses e de que nos próximos doce meses haberá un maior crecemento dos mesmos.

Definicións:

Índice de confianza do consumidor: media simple dos resultados das preguntas relativas á situación económica futura do fogar e da Comunidade Autónoma, capacidade futura de aforro e evolución do número de parados.

Índice de sentimento do consumidor: media dos resultados das preguntas relativas á oportunidade de facer grandes compras e á situación financeira persoal e de Galicia (tanto a evolución pasada coma as perspectivas de evolución).

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.eu>